



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 20 DE OUTUBRO DE 2017

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

**LIC/123/2017.- MARÍA PILAR MAZAS ASOREY.-** Conceder licenza para executar as obras de demolición de telladiño e bloque de acceso de prazas de aparcamento na rúa García Prieto nº 46-48.

**LIC/760/2017.- CD. CONSTRUCCIÓN REHABILITACIÓN E REFORMAS SLU.-** Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo e conceder licenza para a instalación de dous ascensores no edificio sito na Avenida de Lugo nº 91 – 93.

**LIC/555/2017.- HABITAT NOVO CASTIÑEIRIÑO SOC. COOP. GALEGA.-** Conceder licenza para executar as obras de construción dun edificio de dous sotos, planta baixa e 3 plantas altas para 32 vivendas de VPA, garaxes e rochos na parcela BB3 en SUNP-11.

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de demolición de telladiño e bloque de acceso de prazas de aparcamento na rúa García Prieto nº 46-48. LIC/123/2017.** Apróbase a proposta.

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo e conceder licenza para a instalación de dous ascensores no edificio sito na Avenida de Lugo nº 91 - 93. LIC/760/2017.** Apróbase a proposta.

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de construción dun edificio de dous sotos, planta baixa e 3 plantas altas para 32 vivendas de VPA, garaxes e rochos na parcela BB3 en SUNP-11. LIC/555/2017.** Apróbase a proposta.

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á execución parcial da sentenza da parcela 45 do SUNP-5. A Muiña.** Acórdase executar parcialmente a sentenza 441/2016 de 31 de maio de 2016 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que incrementa en 115.070,08 euros máis xuros o prezo xusto da parcela 45 do SUNP-5 da Muiña e proceder ao pago das cantidades correspondentes a cada un dos afectados.

**6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de avaliación ambiental do Plan Parcial do SUND-8 (MONTE VIDÁN).** Acórdase remitir á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a solicitude do inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do Plan Parcial do SUND-8, xunto co Documento ambiental estratéxico e co borrador do Plan.

**7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais para dar conta da resolución de 10 de agosto de 2017 relativa á segregación e cesión de uso da parcela 14 leste, solicitada pola ANPA do Xardín de Infancia de Santa Marta (Exp.PTM/110/2016).** Apróbase a segregación da parcela en dúas subparcelas. Acórdase ceder á ANPA do Xardín de Infancia de Santa Marta, polo prazo de 4 anos, o uso en precario do antigo pavillón do Burgo das Nacións e o xardín exterior de xogos na subparcela leste para continuar desenvolvendo no barrio da Choupana as actividades educativas e de atención e coidado de nenos de 0-3 anos a ANPA Xardín de Infancia Santa Marta.

**8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais para dar conta da resolución de 10 de agosto de 2017 relativa á cesión de uso na Escola Unitaria de San Marcos solicitada pola Asociación de Persoas Xordas de Santiago.** Autorízase á Asociación de Persoas Xordas de Santiago ao uso exclusivo dos espazos exteriores, así como das aulas 1, 2, 4 e 5, espazo aberto, cociña e baños e compartido dos espazos comúns situados na planta baixa e primeira e escaleiras da antiga escola unitaria de San Marcos, para que as destine a actividades relacionadas coa integración de persoas xordas.

**9.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia para dar conta da resolución de 28 de abril de 2017 relativa á solicitude de cesión de uso da parcela DM-2 do SUNP-14 de Tras Paxonal (Exp. PTM/121/2016).** Acórdase ceder á Asociación de Persoas con Dano Cerebral Adquirido o uso en precario da parcela por un prazo de catro anos, para a implementación dun parque infantil de ocio e aprendizaxe inclusivo.

**10.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á aprobación do expediente "Subministro e instalación de cubertas portantes para as áreas de xogo infantís de Fontiñas e Castiñeiriño. Orzamentos participativos 2017 COMPOSTELA DECIDE"; gasto e apertura do procedemento de adxudicación.** Apróbase o expediente e a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 199.650 euros, IVE incluído.

**11.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Económico relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia relativa á contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para 2017.** Apróbase a solicitude de subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria para a nova contratación de dous axentes de emprego e desenvolvemento local, por importe de 28.579,54 euros. Apróbase a disposición de 294,87 euros do orzamento municipal de 2017 e de 52.781,43 euros da anualidade de 2018 para custear a parte do proxecto non subvencionada pola Consellería.

**12.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do modelo de convenio entre o Concello de Santiago e o OBRADOIRO CLUB AMIGOS DE BALONCESTO SAD para 2017.** Apróbase o modelo de convenio co Obradoiro CAB, no que se recolle unha subvención nominativa por valor de 65.000 euros.

**13.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á resolución da convocatoria pública para a concesión de subvencións de cooperación ao desenvolvemento 2017.** Apróbase a concesión das seguintes subvencións.

- \_Arquitectura Sen Fronteiras: 15.000 euros
- \_Enxeñería sen Fronteiras: 15.000 euros
- \_Fundación Fabre: 14.276,31 euros
- \_Asemblea de Cooperación pola Paz: 15.000 euros
- \_Solidariedade Internacional de Galicia: 14.937,38 euros
- \_Vicente Ferrer: 15.000 euros

**14.- Dar conta pola concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde da asignación pola Xunta de Galicia do anticipo de transferencias finalistas correntes para o financiamento dos servizos sociais comunitarios do concello de Santiago.** Dase conta da asignación dun anticipo pola contía correspondente ao 50% da cantidade total financiada en 2016, e que supón 126.275,15 euros

**17.- Proposta da alcaldía relativa ao pagamento da primeira parte dos premios do V Concurso de proxectos de publicidade comercial en galego.** Apróbase o primeiro pagamento dos premios, por importe de 1.000 euros cada un deles.

**18.- Dar conta pola alcaldía da sinatura do convenio de colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e a USC para o acondicionamento do campo de fútbol do Campus Vida. Dase conta.**

## **URXENCIAS**

**1.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á corrección de erros na aprobación das normas de funcionamento do órgano de participación, seguimento e avaliación da EDUSI. Apróbase a proposta**

**2.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial, relativa ao cambio do director responsable do contrato de construción dun aparcadoiro provisional disuasorio na parcela EQ1 do parque empresarial da Sionlla. Apróbase a proposta.**

**3.-Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía para dar conta do fallo do xurado do X Premio “Compostela” para álbums ilustrados.** Dase conta do veredicto do xurado do X Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados, que nesta edición recaeu no traballo presentado baixo o lema “La huerta de Simón” por Rocío Soledad Alejandro, de Bos Aires (Arxentina)

**4.-Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deportes, Benestar Animal e Mercados relativa á resolución da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do deporte federado do ano 2017.** Apróbase a resolución e contías das subvencións para o fomento federado que recibirán 60 entidades, e por un valor total de 249.999,73 euros.